

ACTA DA REUNIÓN 26 DE XUÑO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE BENS CONSUMIBLES.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D^a. Marisol Soneira Tajés
Vicepresidenta 2º da Mesa do Parlamento de Galicia

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D. José María Ameijenda Cuns
Director da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 10,15 horas do día **26 de xuño de 2014**, reúnen as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación presentada para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles para a Administración do Parlamento de Galicia.

Orde do día:

Punto primeiro.- Comunicación sobre o informe de avaliación da documentación contida no sobre B.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

Invítase a que accedan á sala os representantes presentes das empresas concorrentes.

D. Antonio Seoane Blas (dni nº 32784231P), representante de Office Depot, s.l.

D. Eduardo Vázquez Rey (dni nº 32663543R), representante de Grafisant, s.l.

D. José Manuel López da Silva (dni nº 78786835J), representante de Brinco, s.l.

D. Roberto Santiago Pérez (dni nº 45870104P), representante de Fornecementos Galegos, s.l.

Punto primeiro.- Comunicación sobre o informe de avaliación da documentación contida no sobre B.

O presidente da Mesa de contratación anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura do anuncio de licitación publicado no Diario Oficial de Galicia nº 90, 13 de maio de 2014. Ningún dos presentes o solicita.

Da cualificación de documentos dos sobres A resultaron admitidas as seguintes empresas:

- Office Depot, s.l.
- Paz Dismac, s.l.
- Grafisant, s.l.
- Brinco soluciones integrales, s.l.
- Fornecementos Galegos, sl.

Non houbo empresas excluídas.

O presidente informa que o 16 de xuño celebrouse sesión pública de apertura dos sobres "B" (Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor) e posteriormente a documentación neles contida foi trasladada á unidade administrativa competente do Parlamento de Galicia para a súa valoración. Logo de analizado o correspondente informe técnico de avaliación efectuado por esa unidade, que asume a Mesa de Contratación, determínase a atribución da seguinte puntuación:

Lote 1.- material de oficina:

EMPRESA	Puntos
Office Depot, s.l.	42,705
Paz Dismac, s.l.	42,088

Lote 2.- material de imprenta:

EMPRESA	Puntos
Grafisant, s.l.	38,05
Brinco soluciones integrales, s.l.	10,50

Lote 3.- material de informática:

EMPRESA	Puntos
Brinco soluciones integrales, s.l.	36,00
Fornecementos Galegos, s.l.	19,00

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas").

A continuación o Presidente invita aos presentes na sala a que examinen os sobres "C" presentados polas empresas concorrentes admitidas a continuar na fase de adxudicación, e que comproben que se atopan pechados e nas condicións nas que foron entregados. Así mesmo informa de que poden, antes de proceder á apertura dos sobres, efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas; unha vez iniciada a apertura dos sobres, non se admitirán interrupcións.

Procédese a continuación á apertura dos sobres presentados polas empresas concorrentes. En voz alta o secretario anuncia a oferta de cada empresa:

Lote 1.- material de oficina:

Empresa	Proposta económica (sen IVE)
Paz Dismac, s.l.	12.927,07 €
Office Depot, s.l.	12.541,69 €

Lote 2.- material de imprenta:

Empresa	Proposta económica (sen IVE)
Brinco soluciones integrales, s.l.	10.812,55 €
Graficas Santiago, s.l.	11.236,50 €

Lote 3.- material de informática:


Empresa	Proposta económica (sen IVE)
Brinco soluciones integrales, s.l.	18.032,63 €
Fornecementos galegos, s.a.	19.193,13 €

O Presidente invita aos asistentes que así o desexan a examinar a documentación contida nos sobres "C".

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 10,32 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.



Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Marisol Soneira Tajés
Vogal



José Manuel Balseiro Orol
Vogal



María Aneiros González
ogal



José María Ameijenda Cuns
Vogal



Santiago González Serrano
Secretario